

PREGUNTA DE AER SOBRE A ESTRADA DE CESANTES

PLENO 4 XULLO 2013. ACTA 13/2013

De todos é sabido que o acceso á praia da punta en Cesantes ten unhas deficiencias debido á insuficiente anchura de dita estrada. Parécenos que unha actuación e adecuación nesta zona é imprescindible, debido a que o seu uso se incrementa ano tras ano na tempada estival, con continuos prexuízos para os usuarios da praia, tanto peóns como condutores e ciclistas, e, por suposto, para os veciños de Cesantes.

Tamén queremos resaltar o perigo continuo para os viandantes, moitos deles nenos e nenas, pois non existe unha alternativa adecuada para chegar á praia cando a marea está alta.

Por este motivo, xa pedimos a través do rexistro do Concello o expediente de cesión de dita estrada de RENFE-ADIF ao concello de Redondela sen ter unha resposta. Certo é que nos deron un plano cunhas anotacións a man e, nun rexistro posterior, unha copia do inventario de bens no que se reflicte esta vía pública como propiedade do Concello, pero esta non era a información que pediamos.

Ademais de todo isto, temos coñecemento de que están en contactos con ADIF polo acondicionamento desta estrada e teñen a oportunidade de, se non o teñen, pedirlle dito expediente de cesión.

Por todo o anteriormente exposto facémoslles a seguinte pregunta:

Cando nos van a proporcionar o expediente de cesión desta estrada por parte de RENFE-ADIF ao concello de Redondela?

O concelleiro Alvarez Ballesteros di que os técnicos sinalaron que esa estrada é municipal e non hai convenio de cesión.